



Cirolinas



BOLETIN DA ASOCIACION DE VECIÑOS DOS REMEDIOS

«A PONTE VELLA» / BETANZOS / OUTUBRO, 1978 / Nº 2



ANUNCIOS DE BALDE



Queridos veciños e lectores, como podedes ver neste número añadimos este novo apartado que si vai un pouco de cachondeo e porque queremos darlle un aire alegre as cousas novas, istos ANUNCIOS DE BALDE teñen un ouxetivo que é: servir o barrio, asique xa sabedes donde nos tedes si queredes anunciar algo (venta, colección de sellos, etc.) dirixirvos ó equipo de redacción: ASOCIACION XUVENIL DOS REMEDIOS.

Referencia: Anuncios de balde.

- Intercambio de sellos, poñerse en contacto con Andrade. Razon: Asociación Xuvenil dos Remedios. (A.X.R.)
- Precisase xente do barrio pra traballar no Cirolíñas. Ofreceuse un gran porvir como periodista ou mecanógrafo. Imprescindible "curriculum vitae".
- Anúnciase que comenza o catecismo pros rapaces a partir do dia 15.
- Xoven aposto, rubio, ollos verdes (é saltós) desea contactar "como sea" con rapazas de 16 pra diante, a ser posib el mandar foto (en bikini mellor que vestida). Razón: LUCKY, Calexa 17. A Ponte Vella.
- Precisase un arquivo prá A.A.V.V. (si pode ser barato) Razon : Local Social.
- Esta A.A.V.V. necesita socios que traballen pra ela.
- Dánse clases particulares de E.X.B. e B.U.P. Na Ponte Vella, nº 16-1º, casa do Otero.

¡QUÉ FOI SAAVEDRA MENESSES?

Don Frutos Saavedra Meneses (Ferrol, 1823-Madrid, 1868) empezou a súa carreira militar en Segovia, por Artillería, e rematóna sendo coronel de Infantería. Bon estudiante, viaxou por Francia, Inglaterra e outros países europeos cultos, comisionado pola fábrica de armas de Trubia, onde Saavedra servía.

Estivo na campaña de Marruecos do 1859, con O'Donnell de xefe supremo. Ali conseguiu a Laureada de San Fernando e o ser comendador da Orden de Carlos III. Participou na batalla de Wad-Ras.

Foi da comisión do mapa xeneral de España e con outro proyectou un novo aparato de bases, cuia construción dirixiu en París. Pertencéu a algunas institucións de carácter literario e científico de rango nacional.

Varias veces diputado a Cortes por Pontedeume, i en 1864 director xeneral de Obras Públicas. Neste cargo impulsou a adjudicación do ferrocarril Madrid-Coruña, tramo Ponferrada-Coruña. As obras dese ferrocarril foron inauguradas por Isabel II na Coruña no 1858. Chamouse ese ferrovía do príncipe Alfonso (o máis tarde Alfonso XII).

Tamón a Saavedra débelle os primeiros estudos do ferrocarril Betanzos-Ferrol, que non sería inaugurado oficialmente hasta o 1913.

Pola súa axuda para que se fixese a vía Ponferrada-Coruña, tivo Saavedra Meneses nesta capital unha gran acollida en outubre do 1864.

Qué pena que non vivise para ver si amañaba o problema da rúa de seu nome.

Brais da Bouza



(mais asociacións, e unidas —

A nosa Asociación de Veciños foi a primeira, i é a única, do municipio betanceiro. Coi damos que, polo de pronto nesta cidade, ten que haber más, porque cada barriada, e desde logo cada aldea, conta con abundantes problemas propios dela. Despois, ao ter varias, pódese e débese facer unha federación para así defender mellor os intereses públicos de todos.

Tense pensado, tamén, nunha federación de asociacións veciñais das Mariñas dos Condes. Fai algúns tempo, cando a nosa ainda estaba sin legalizar, en Sada houbo unha xuntanza para falar do caso e tratar de sacar entre todas un periódico. De momento a

cousa non pasou de proyecto. De interés é, nemhargantes.

Din que con esto da predemocracia xa non somos súbditos, é decir, que cando mexaban por nós había que decir que chovía, xa non súbditos sinón ciudadáns, membros do pobo soberano. Pois ben: a cidadanía ten que se cuidar dos seus dereitos, xa que os deberes nunca faltarán quen no-los recorda. O dereito a unha vida digna, a contar cos elementos de todo tipo para levala, é fundamentalmente o que compre perseguir a tódalas asociacións de veciños, a nosa entre elas.

Por eso cantas más haxa, mellor, e todas unidas. O noso municipio terá así un axeitado movemento cidadán.



Paséi pola Ponte Vella,
miña nena per te ver;
deum-o río unha consella
non a quixen deprender.

Volvín
pola
Ponte
Vella
6 rente do amanecer.

(Xosé M^a Pérez Parallé)

(De Mariñas (Retábulo Betanceiro, Barallobre, 1961). O autor, entre outros galardóns, foi premiado nos xogos florales que eiquí, en Betanzos, organizara a desaparecida sociedade "Candilejas" no 1960).

O deporte no noso barrio

Ao referirme a este tema, teño que decir que nunca houbo nisto barrio ningún deporte a nivel competición, agás aqueles equipos de fútbol que intervíñan nalgúns campionatos infantiles e que logo desfixéronse.

Eu coido que isto ven motivado en gran parte pola falla dunhas lúgares onde se poida practicar o deporte. Mais a pesares diste inconveniente aparece agora un equipo de fútbol formado polos rapaces do barrio, que a decir verdade, non marcha como quixéramos, pois a pesar de ter unha vestimenta nova e gamas de xogar, o equipo non está acoplado.

Iste equipo foi creado no seo da A.X.R. e os seus xogadores vanse a tremar a unha leira coñecida polo nome de Viraventos, pois é o único sitio onde poden xogar sin que os boten. Esta leira, que está abandonada dende fai un fato de anos, e vem sendo utilizada pola distintas xeneracións da nosa barriada pra practicar o deporte, non é o lugar máis axoitado pra xogar ao balón pois conta conha morca de inconvenientes: o terreo está en costa. Está cheo de cedesos e silvas. Atópase bastante lonxe das casas. Ao redor están leiras traballadas e por outra banda faixo pequeno e insuficiente.

Referíndome a outros deportes, como poden ser: tenis, baloncesto, balommano, etc., teño que decir que hai ren de ren, pois non hai onde poder practicalos, mais somos optimistas neste senso e coidamos que dentro de un ano, máis ou menos, pode estar solucionado pois existe a posibilidade de facer nos terreos que se atopan detrás da airexa unhas pistas pra baloncesto, tenis, balommano, etc.

Pra todo isto necesitase colabora-

Mónica

Non solo de par vive o home

Sí, todos sabemos, máis ou menos, o que é a cultura, e a necesidade de fomentala nos seus múltiples aspectos: teatro, música, conferencias, deportes..., todo aquello que nos poida axudar a perfeccionarnos.

Mais, ¿qué é o que facemos pola cultura?. Xa vai sendo hora de que cavilemos emcol diste tema. De que o noso barrio necesita algo máis que pan pra vivir.

O que tento de decir é que agora temos na nosa barriada como entes vivos a unha A.V.V. e unha A.X.R. integrada nela, e ¿qué fixemos a favor de saciar ista fame?. Polo de agora nada, agás unha excursión, que tomamos máis coma diversión.


Um recital a cárrego de Faíscas do Xiabre oía das Letras Galegas; as festas dos Remedios, que, como non, tamén é cultura, así como tamén é a creación dun equipo de fútbol por parte da A.X.R.. Pois ben, si somos fixemos esto, ¿non vai sendo hora de que fagamos algo máis? Eu coido que sí, e non son eu solo, senón todo un fato de rapaceos (A.X.R.) que loitamos por elos, queremos facelo. Imos intentalo.

Neste punto cabe facerse unha pregunta: ¿qué van facer? Temos varios proxectos que tentaremos de levar a cabo: a) próxima creación dun grupo de gaitas; b) posíbel creación dun grupo de baile gallego; c) clases de guitarra; d) creación dunha equipos de fútbol alevín e infantil.

Temos pensado, tamén, en conferencias de tema variado.

Necesitamos colaboración.

Catuxa



Falla o alcalde (edtf.)

O pasado venres día 6, un equipo de O CIROLINAS entrevistou a Andrés Martínez Guerra, que foi concelleiro, segundo teniente de alcalde, primeiro teniente de alcalde, e agora, dende remates de xullo, alcalde accidental da cidade de Betanzos.

A corporación municipal

--¿Dende cando vostede é alcalde?

--Yo soy alcalde desde el dia 26 ó 27 de julio.

--¿Qué pasa co sr. Romay Beccaría?

--Ayer me hicieron aquí una entrevista para una emisora gallega, y entre outras preguntas me hicieron esta misma. Yo sabía que iba a dimitir unos días antes de presentar su dimisión; ¿por qué dimitió? No lo sé.

--Sr. Guerra, un fato político pidéu a dimisión da actual corporación e deixar paso a unha comisión xestora. ¿Qué pasa cña corporación?

--A mi entender no pasa mada, el alcalde soy yo. Ahora, si hay algúna comisión gestora que quiera hacerse cargo, lo ignoro; eso será cosa del gobernador.

--Coida viable deixar paso a esa comisión xestora?

--No tengo inconveniente en que vaya esa comisión gestora, y...

--Coida que sería unha solución?

--No, no es la solución tampoco esa.

--Daquela, ¿cál sería a solución?

--Por suerte, por desgracia, por avatares de la vida, he sido concejal, de aquí pasé a segundo teniente de alcalde, y a continuación a primer teniente, y a los 10 más o menos (días, se entiende), a alcalde accidental, pero alcalde en este caso. Estoy procurando seguir la trayectoria municipal; y no sólo yo, sin contando con la colaboración de todos los que allí lo for-

man. Para todos tengo palabras, porque de verdad me animan constantemente; creo que la corporación sigue su curso normal en todos los sentidos.

--¿Cál é o funcionamento do Axuntamento hoxe no día?

--El Ayuntamiento funciona igual que siempre. Hay las comisiones de personal y hay la permanente. El Ayuntamiento no está paralizado ni muchísimo menos; no sé en cuanto a plenos. Ningún papel está paralizado, todo marcha normalmente.

--¿Acostuma haber moita asistencia a esos plenos?

--Hay quien vaya, pero algunas veces tuvieron que quedar para las 48 horas siguientes que prescribe la ley.

--¿Cómo é a composición actual da corporación municipal?

--Somos diez, distribuyéndose en comisiones.

--¿Funcionan esas comisiones?

--Funcionan. No como nosotros quisieramos, pero funcionan.

Problemas da barriada

--¿Cáles son as competencias do Axuntamento e cáles as do M.O.P. no problema de Saavedra Memeses?

--Estoy contento de que exista en Betanzos la A.V.V. de los Remedios; por: 1) porque creo que es importante; 2) porque en ese barrio he nacido y he vivido diez años; se debe procurar fundar estas asociaciones, y que se funden para colaborar municipalmente. Esta animosidad que todo el mundo tiene, la A.V.V., que se prolongue por muchos años; es decir: 1) en Betanzos comenzamos a hacer las cosas muy bien y después nos cansamos; 2) me ha informado el Sr. Romay Beccaría de que tuvo una entrevista con esta Asociación hace cosa de un año, allí fueron preguntados varios quehaceres y se ha preocupado por eso; siendo yo alcalde he recibido una

comunicación de Obras Públicas y copias á la A. V.V., en el que se me decía que lo que se pedía estaba hecho, pero, por parte de la A.V.V. se me decía que lo que se pedía era el asfalto total, no el rebacheo. Según D. Julio Romay, creo que se comprometería, con el ensanche de la N-VI, formalmente a hacer completamente las aceras. Reconozco que las aceras hacen falta; lo que sí, que aparte de esta entrevista, escribiré y fue el apañador nuestro a entrevistarse con un señor de O.P., no sólo por la carretera, sino también por ese espejo que se pide para la N-VI en el cruce del cementerio, el cual dijeron que se podía colocar. Este espejo haremos una gestión para comprarlo nosotros municipalmente, su costo es de más de 18.000 pts., a proximadamente; si por cualquier gamberrada se rompe, a ver quién pone el segundo. Estoy dispuesto a colaborar con la A.V.V. de los Remedios para todo lo que sea.

--A A.V.V. está pedindo novos puntos de luz, ¿qué pasa?

--Sobre esto recibí un escrito hace 10 ó 12 días. Al Sr. Fuentes, el electricista, le mandé el parte y quedó de informarme. Si hay algo en cuanto a la reparación, renovación o amplificación de los puntos, se verán los medios.

--Nese escrito pedíase ao Axuntamento esixise a limpeza da matorraira que hai polas leiras cara á Calle.

--Sobre la maleza vamos a echar un bando, para pedir colaboración al pueblo para que la limpie; ahí está en el Valdoncel la maleza de un particular que sobresale tocando la cabeza de los transeúntes, lo mismo pasa en la Rúa Nueva y en la Argentina; pero, claro, creo que somos nosotros los primeros en dar ejemplo, así estamos limpiando un malecón propiedad municipal, y hecho esto se publicará el bando.

--Detrás da eirexa dos Remedios, ten a parroquia unha finca de cen-

to e pico de metros cuadrados, a Asociación da Mocedade, quería facer unhas pequenas instalacións. ¿Pode contar coa axuda do Axuntamento?

--El Ayuntamiento está en plan de colaborar. Creo que para hacer esta obra hay que desmontar. Este problema le fue presentado hace 3 años por los vecinos, en la inauguración de la Calle al entonces presidente de la Diputación Lino Rodríguez Madero.

--Os rapaces do pobo, da barriada, lázmanse a xogar en calquer sitio; nós o que propoñemos é facer ali um sitio onde poidan xogar.

--Hace años, siendo concejal un señor que ahora no lo es, se llevó a un pleno la propuesta de arreglo de la Plaza de Enrique IV, y ese concejal, que se considera un gran concejal, dijo que primero había que dar de domer a los niños; curioso pero cierto.

--¿Qué pensa fazer o Axuntamento da Plaza de Enrique IV?

--En aquella entrevista se dijo lo que se tenía pensado hacer, un malecón, pero eso ya quedó desfasado...

--Polo visto, aquí queda todo desfasado...

--Es muy fácil pedir, pero si no hay dinero no se puede hacer nada. Porque un municipio con un presupuesto de 42.000.000 de pts. como tuvo el año pasado, y ganó seiscientas mil pesetas, quiero que me digáis qué se puede hacer aquí con 600.000 pts.

--Polo que vimos e vemos, os da Ponte pra aló, dános a impresión de estar algo arredados.

--No creo eso, sino que os marginasteis hace años vosotros mismos.

--En qué senso?

--Alguien se pudo marginar sin querer, pero se marginó. Creo que en Betanzos no hay marginados, no hay favoritismos.

--Cando foi a inauguración da rúa do Rollo, saíu nun xornal un presupuesto para a Calexa de Caraña, ¿qué

pasa?

--No sé nada de eso, mo entero ahora.

--¿Ten algúns cartos o Axuntamento agora mesmo?

--Sí, tiene.

--¿Tanto como pra amañar as aceiras provisionalmente de Saavedra Meneses?

--Si mo lo tiene, hay que hacer un presupuest extraordinario y pedir unha subvención a la Diputación.

Contaminación do río

--Temos entendido que o Axuntamento pidéu unha inspección de Sanidade ao río Mandeo. ¿Qué hai de esa inspección?

--¿Aquí inspeccionar? No sé las demás empresas. En Riego se hizo una en bote desde aquí hasta el Pedrido, llegando a la conclusión de que no hacía daño alguno. Estos datos están en poder del Gobierno Civil y organismos competentes. Pensamos en las industrias que aquí hay; por ejemplo: Riego con 128 personas, si van a la calle, a ver qué pasa, y las demás, otro tanto. La pesca es importante, pero la industria, ¿es o no? Es factores a convenir.


--¿Qué postura está tomando o Axuntamento respecto a este problema?

--No, sobre este aspecto, nada.

="="="="="="=

Nota: Por razones de espacio, vémos na obriga de condensar as respuestas de D. Andrés Martínez, trocando verbas, pra non as ideas.

Quíque e Xoumiña



CHEGÓU O QUE ESPERABAMOS...

E O QUE MÁS QUEDA

Una

Noutro lugar deste número damos conta da visita ao delegado de O.P., para ver cómo se amaña o problema de Saavedra Meneses.

Hoxe, 11 do outono, polo scorán, ao estar a rematar este número, unha veciña nosa chégou ao noso local toda alporizada, e díxonos:

--A punto estuvon de morrer agora mesmo.

--¡E logo qué lle pasou?

--Ahi mesmo, diante da do Tano, un coche foise e casi mo pilla contra a parede, e despois foise empotrar na casa do Federico Salvóimo por un segundo.

Por favor, que non amañen Saavedra Meneses. É do más típico e comú ver cómo os coches e os camiños ou ben non poden subir porque patinan ou ben se desvían cando veñen da parte de Ferrol.

Xa temos un accidente (que por suerte non tivo vítimas) e un derrapamento dun camión pra anotar na conta do ministerio de O.P., ao que se lle fai responsable de todos los accidentes que poidan xurdir nesta rúa-carreteira.


E suma e sigue.

Dous

Acaba de rematar, en Cuenca, un congreso sobre a Inquisición española. ¿E que xa non hai Inquisición? Temos noticia, noticia que nos facilitan os nosos servicios de información, que se pretende censurar o noso periódico.

Non desproibimos ningunha actud, Deus nos libré, pero coidámos que sabemos pedila nós, que pra eso temos lingua e máquina de escribir.

Moitas graciñas de todos os xitós.



OS NENOS NO NOSO BARRIO

Isto é un tema moi difícil: Non quero analizar aos nenos da nosa barriada conforme á miña mentalidade, quero tentar de analizalos desde o seu punto de vista, os seus sentimientos, os seus xogos, as súas horas do traballo na escola... na súa vida infantil, mada máis.

Na nosa barriada viven, máis ou menos, uns douscientos cativos, e hasta o de-agora, ningún se preocupou deles.

Tratámoslos como seres inferiores, pequenos xoguetes postos nas mosas mamas, sin sentimientos.

Non tentamos de comprendelos, de acercarnos ao seu mundo, queremos que sexan eles os que cometren no noso. Pois bien, agora cecáis por primeira vez no noso barrio, vimos tentar de analizar a istos nenos: ¿qué fan? ¿qué coídan? ¿en qué cavilan?... Ista cousa e outras moitas son as que queremos airear aquí, pra comprobar si en realidade facemos algo por iles.

Bien, supón que imaxinaránse todos más ou menos como é un día na vida dun neno: levántansé, van á escola, xantan, tornan á escola, van facer os deberes, e xogan, si é de que llos queda tempo. ¿Non hai más mada que esto? Coido que todos deberíamos tentar de descubrir algo máis. Por exemplo, ¿saben qué problemas teñen os nenos na casa, na escola?.

Muchos nenos queixanse porque seus pais non se preocupan por eles, déllos o mesmo que estudien ou non, soio llos botan un broncazo ou díllles que está ben, mada máis.

Hai tamén outros problemas: "Póñennme muitos deberes na escola, fágoos e logo vou a umha clase particular, non teño tempo pra folgar nin xogar" - decíame un neno de oito anos.

Certo, hai muitos nenos nestas condicións, seus pais, crendo facer llos un favor mandáños a clases

extraordinarias, roubándolle das súas momentos pra xogar. Coido que vai sendo hora de que nos decatemos que isto é perjudicial prós nenos, bástalles cas súas horas de clase na escola, mandándooas a outras clases non se consigue nada, soio esplotar ao neno.

"Logo de facer os deberes voume a xogar" - díme outro neno.

-¿E donde xegas? , ¿A qué?

-Na Calle, c'á bicicleta, ao balón

-Mais, ¿Tos donde xogar?

-Si, na Calle.

-¿Na carretera tamén?

-Sí, non hay outró sitio.

Si, os nosos nenos xogan nas entradas, ao balón, cas bicicletas a calqueira cousa, non teñen outro sitio pra facelo. Corriendo así o risco de que algúñ coche poida atropellalos. ¿Non vai sendo hora de buscarños un lugar pra que poidan xogar pousadamente?. Coido que sí, si eles son os homes e mulleres do mañán, ¿porquè non protexelos?.

Sobre do tema dos nenos na nosa barriada habría moito que decir, mais estes son os problemas que eles plantearán bulindo, ¿Porquè non os lembramos?. Xa vai sendo hora de decatarnos de que non son xoguetes, sinón persoas, como nosoutros, ou cíñis mellores. ¡Axudámilos!

Catuxa.



¿DECÁZABONSE DE QUE

- O problema denunciado pola radio encol do río de Caraña está solucionado dende hai unhas días ?.

- Fai unhas semanas repartíronse os carnets da A.V. e o 1º número do noso voceiro? Aclaración: Pedimos perdón dende eiquí a aquelas persoas que non o recibiron, poás ben poderase deber a fallos humanos ou ben por non dar coas direccións, ou estas non estar ben indicadas.

- O buzón de correos xa funciona, e que foi colocado por un mozo do barrio contratado pola A.V.?

- O alumbrado das nosas rúas sigue sin ser revisado?

- Coa chegada do outono é moi posibel que aumenten os accidentes en Saavedra Meneses ?.

- Este numero 2 do Ciroliñas xa non se leva á casa dos socios? Pois é moi traballo praos xovenes, e xa nos escomenzaron as clases.

- Iste numero leva unha folla mais que o número 1 ?

Outeiro

¿SABÍAN OVOSTEDES QJE...?

- Da entrevista co delegado provincial de obras públicas, ao que se lle levou unha carta na que ademais de decirlle que non se dera cumplimento ás nosas peticions faciase responsabel ao M.O.P. de calquier posibel accidente na N-VI en Saavedra Meneses, o único que se sacou en limpo foi a boa fe que puxo este señor pra solucionar o noso problema ?.

- Nos terreos de tras da Eirexa existen posibilidades de facer unhas pistas deportivas pra os rapaces?

- Hai duas baixas na direitiva da A.V.? O representante da xuventude, Andrés Otero Martínez e o segredario, Pablo Jesús Martínez Alvarez.

- Os mozos da A.X.R. están a levar a feito unhas reformas no local social?

- Do número anterior do Ciroliñas fixéronse 250 exemplares e deste soamente 200 ?.

O Ciroliñas/m² 2/pax.



- O equipo de futbol da A.X.R. vai tendo mellores resultados diante dos seus rivales e está a participar na loita por un trofeo nas festas de Meangos?

- Está nas mentes dos compoñentes da Xunta Diretiva da A.V. de levar a diante unha campaña de limpieza dos nosos ríos e das nosas ruas?

- Estáse a conquerir a colocación dun alpendre praos rapaces de Caraña que agardan o bus escolar no lugar do cruce da carreteira de Ferrol coa de Velouzas?

Outeiro

INCENDIO NA CALLE

Fai poucos días tivo lugar un incendio na calle.

Non houbo gracias a Dios vitimas,nin tampoco neste acontecemento nada de anormal nin de extraordinario,foi sinxelamente,igual que calquer outro xurdido, por desgracia,noutro punto ou lugar e que a parte do gran disgusto e as perdas materiais que ocasionou,non tivo maiores consecuencias gracias á pronta e desinteresada axuda de todos los veciños.

Pro o sacar a conto iste incidente non ten outro motivo ou ouxeto que tentar de propagala idea que nese intre lanzaron a farria deses improvisados bombeiros de caldeiro.


¿Porqué a la con aportación de todos en xeral, non merca unha bomba coas suas correspondentes mangueiras pra casos como iste?

Si nos dispúnsemos dela cando escomenzou o lume a cousa non houbera pasado dun susto !

Coido, sería interesante non votar en saco roto ista idea, que levada á realidade non resultaría costosa, xa que segun entendidos o valor dunha bomba non escede das 35 ou 40.000 ptas. que entre todas las familias resultarían a un promedio dunhas 125 ou 150 ptas.

Non fago mais que trasmitti-lo que escoitei na Calle.





ABÓ CIROLAS

